

INFORME DE RESULTADOS

Enquisas de avaliación do
ITINERARIO FORMATIVO virtual
de xénero (4.^a edición)

ÍNDICE

- 1. Introducción*
- 2. Datos de participación no itinerario formativo virtual en xénero*
 - a. Sexo das persoas participantes*
 - b. Vinculación coa universidade*
- 3. Valoración de diversos aspectos do Itinerario.*
 - a. Duración das actividades formativas*
 - b. Avaliación da utilidade da actividade*
 - c. Grao en que cumpriu as expectativas*
- 4. Valoración da estrutura do curso MOOC e da plataforma OpenEdX*
 - a. Valoración da estrutura do MOOC*
 - b. Valoración da Plataforma OpenEdX.*
- 5. Cualificación xeral do itinerario*
- 6. Conclusións finais e respostas abertas*
- 7. Valoración da edición especial do 11 de febreiro.*

1. Introducción

“Este curso paréceme unha moi boa idea para poder ver mellor a realidade que estamos a vivir, e que moitas veces non nos damos conta de como é en realidade. Polo que este tipo de cursos serve para aprender moitas realidades que deben ser arranxadas”

Comentario dunha alumna do Itinerario

O ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero é un recurso formativo elaborado pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa do Vicerreitorado de Ordenación Académica e Profesorado, as cales deseñaron un itinerario formativo conformado na actualidade por dezasete cursos formativos elaborados por varias das expertas en xénero da Universidade de Vigo, xunto con outras académicas externas á propia universidade. Esta iniciativa puido materializarse grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, quen canalizou os fondos do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero para poder elaborar este itinerario.

En definitiva, o ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero naceu como unha aposta polo fomento da formación e da docencia con perspectiva de xénero no ensino superior de todo o persoal que conforma a comunidades universitaria (PAS, PDI e alumnado), a fin de acadar maiores cotas de excelencia académica na nosa universidade. Con iso, cumpríronse os puntos 1.1.3, 1.1.4, 1.1.9 e 1.1.15 que sinala o Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, unha das ferramentas fundamentais para erradicar a violencia contra as mulleres na nosa sociedade. Por outra parte, tamén se respondeu á demanda masiva de formación en xénero dentro da nosa comunidade académica, tanto por parte do alumnado coma do profesorado e do persoal de administración e de servizos. Este feito amosa o interese das persoas que conforman a Universidade de Vigo da aposta pola excelencia e a loita por un mundo máis xusto e igualitario.

Na primeira edición deste itinerario, que se desenvolveu entre abril e xuño do ano 2020, ofertáronse seis cursos. Nesta cuarta edición ofertáronse dezasete cursos, once novos cursos e

desenvolveuse desde o 08 de marzo de 2021, aínda que ofertouse unha edición especial o 11 de febreiro de 2011 formada por tres cursos específicos relacionados co Día Internacional da Nena e Muller na Ciencia, que remataron o oito de maio de 2021. Os resultados amosados neste informe son de carácter orientativo, xa que as enquisas desenvolvidas tanto na primeira coma na cuarta edición foron voluntarias e se podían contestar en calquera momento da formación.

A fin última destas enquisas de satisfacción entre as persoas inscritas neste é coñecer a opinión e a avaliación do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero en xeral, dos seus contidos, da plataforma que o aloxa e tamén da valoración de cada un dos dezasete cursos ofertados nesta cuarta edición.

Outro obxectivo fundamental da avaliación que deseguido se presenta é detectar as necesidades formativas no eido da igualdade entre mulleres e homes dentro da nosa comunidade universitaria. Para iso, inseriuse unha pregunta onde se pedían suxestións sobre novas temáticas e cursos para desenvolver ou sobre novos recursos didácticos que se puidesen demandar. Neste senso, as valoracións das persoas que realizaron tanto a primeira coma a segunda, a terceira e a cuarta edición do itinerario vai servir como «folla de ruta» para deseñar o futuro dos contidos e a estrutura do itinerario no futuro próximo, priorizando sempre a demanda e os intereses amosados pola comunidade universitaria e científica da nosa universidade.

A finalidade última deste itinerario é contribuír á construción dunha nova epistemoloxía social que sirva para realizar sólidas críticas ao modelo patriarcal e así pasar a un novo pacto social que altere as estruturas de poder desiguais, a fin de alcanzar unha sociedade cimentada nos alicerces da equidade, da xustiza e dos dereitos humanos.

1. Datos de participación no ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero.

Cómpre sinalar que aínda que nesta cuarta edición o número de persoas inscritas se reduciu respecto á primeira edición, incluso en algúns dos cursos xa ofertados en anteriores edicións, non houbo ningunha persoa inscrita: é o caso dos cursos “Introdución á perspectiva de xénero”, “Economía de xénero”, “Normativa básica de xénero” ou “A sostibilidade da vida no centro”; noutros casos de cursos xa ofertados en anteriores edicións, o número de persoas matriculadas foi escaso, tal é o caso de “Educación afectivo sexual” (9 persoas inscritas), “O acoso sexual e en función do sexo” (7 persoas), “A perspectiva de xénero na educación” (5 persoas) ou “O sexo e o xénero no século XXI” (6 persoas). Non ocorreu o mesmo cos oito novos cursos ofertados nesta cuarta edición, especialmente coa edición especial do 11 de febreiro en torno a celebración do Día Internacional da Nena e Muller na Ciencia, e nos que ofreceuse a posibilidade de cursar tres cursos específicos organizados por destacadas expertas tales como “La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación” (72 persoas), “A muller e a ciencia” (60 persoas) ou “Dimensión de género en los proxectos de I+D+i de las TIC” (35 persoas). No resto dos novos cursos, “Políticas públicas de igualdade”, “Pensar o amor no século XXI”, “Pornografía”, “A prostitución no marco do capitalismo neoliberal” ou “Novas masculinidades” a número de persoas matriculadas oscilou en torno as vinte persoas, aproximadamente.

En total, o número de persoas inscritas que remataron todos os cursos desta cuarta edición con éxito alcanza as 219 inscricións con eficiencia terminal. Como adoita ser habitual na formación masiva, o número de matrículas non se materializa en persoas que superen as formacións, polo que resulta máis significativo o dato total de inscricións que remataron os cursos de forma exitosa. A continuación, comprobaremos que o comportamento dos cursos desenvolvidos segue esa tendencia.

a. Persoas matriculadas nas formacións que acadaron o certificado de finalización do curso.

	Núm.	%
1. Introducción á perspectiva de xénero (4.ª edición)	0	0 %
2. Educación afectivo-sexual (4.ª edición)	9	3,1 %
3. Economía de xénero (4.ª edición)	0	0%
4. A sostibilidade da vida no centro (4.ª edición)	0	0%
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible (4.ª edición)	7	2,4%
6. A perspectiva de xénero na educación (4.ª edición)	5	1,7%
7. Normativa básica de xénero (4.ª edición)	0	0%
8. O xénero e o sexo no século XXI (3ª edición)	6	2,1%
9. La comunicación y el género (3ª edición)	4	1,4%
10. Dimensión de género en los proxectos de I+D+i de las TIC (1ª edición)	35	12,3%
11. La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación (1ª edición)	72	25,3%
12. Mulleres e ciencia (1ª edición)	60	21,1%
13. Políticas públicas de igualdade (1ª edición)	15	5,2%
14. Pensar o amor no século XXI (1ª edición)	18	6,3%
15. Pornografía (1ª edición)	16	5,6%
16. A prostitución no marco do capitalismo neoliberal (1ª edición)	21	7,3%
17. Novas masculinidades (1ª edición)	16	5,6%
Total	284	100 %


Nesta táboa pódese observar o grao de interese polas temáticas ofertadas en cada un dos cursos desta cuarta edición. O de maior número de persoas inscritas foi o denominado “La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación”, seguido de xeito moi similar por o curso “Mulleres e ciencia”, o interese amosado polo resto da oferta formativa distribúense de forma dispar, con menos inscricións no caso de cursos xa ofertados

en anteriores edicións ou maior, no caso dos novos cursos, o que amosa que o segmento de persoas interesadas na formación en xénero na nosa comunidade universitaria permanece estable no tempo ao longo das diversas edicións. A difusión desta cuarta convocatoria o propio 8 de marzo, nunha data sobrecargada de eventos, novidades e declaracións, quizás favoreceu o pouco impacto que esta oferta formativa xerou nesta cuarta edición en relación as anteriores, situación que deberá terse en conta nas próximas convocatorias.

A continuación, preséntase a análise dos perfís sociolóxicos e das opinións das persoas que cursaron este itinerario, a fin de coñecer as características e as apreciacións do alumnado respecto á formación ofertada nesta cuarta edición do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero .

b. Sexo das persoas inscritas


	Núm.	%
1. Muller	254	89,4 %
2. Home	29	10,2 %
3. Outro	1	0,3 %
Total	73	100 %



En xeral, na formación en xénero a maior presenza de alumnado feminino fronte ao masculino é unha constante. Tanto na primeira coma na cuarta edición do itinerario obsérvase tamén esta realidade que a distribución por sexo das persoas inscritas amosa. Non obstante, estas asimetrías por sexo son maiores nesta cuarta edición e, lonxitudinalmente, pódese observar

que o número de homes matriculados foi menor nesta cuarta edición que acadou o 10,2 %, fronte á presenza de mulleres que acada o 89,4 %. Nese senso, este dato pode resultar preocupante para a igualdade polo escaso número de homes da nosa comunidade académica que optaron por formarse neste ámbito da igualdade.

Mulleres, Homes e Outros




c. Vinculación coa universidade

	Núm.	%
1. Alumnado	93	32,7 %
2. PDI	115	40,5 %
3. PAS	19	6,7 %
4. Outra vinculación	57	20,1 %
Total	284	100 %

As inscricións recibidas nesta cuarta edición do ITINERARIO FORMATIVO virtual en xénero mudan a tendencia observada nas anteriores edicións, no sentido de que se ben antes

a maioría das inscricións absolutas aos cursos correspondían a o colectivo do alumnado da nosa universidade, nesta cuarta edición é o PDI o grupo máis numeroso (a nosa universidade conta no curso 2020-2021 con 613 mulleres PDI e 846 homes PDI) seguido moi cerca polo alumnado, do total de 20.069 alumnas e alumnos da nosa universidade no curso 2020-2021 (10.045 alumnas e 9.664 alumnos), este porcentaxe é moi pequeno, polo que deberá facerse énfase divulgativo neste colectivo nas vindeiras edicións. Respecto a o grupo de “outras vinculacións” case todos son persoal investigador con vinculación contractual a algún proxecto ou programa (a nosa universidade conta neste curso con 101 mulleres investigadoras e 67 homes investigadoras con cargo a proxectos), o que indica a forte demanda formativa neste colectivo, uns dos máis activos e dinámicos da UVigo. O grupo menos representado é o do PAS conformado neste curso 2020-2021 por 499 mulleres e 323 homes. Neste senso, en termos relativos o grupo que menos inscricións neste Itinerario nesta cuarta edición en relación ao número total existente é o de alumnado, o que pode ser produto dunha estratexia de comunicación parcialmente errada por parte da Unidade de Igualdade ante o alumnado da nosa comunidade universitaria. A sobre saturación de eventos e novas ao redor da celebración do 8M Día Internacional das Mulleres, favoreceu que pasase desapercibida esta nova edición do Itinerario, situación que evitaremos nas próximas edicións.



Ao contrario ca na primeira edición deste itinerario, o PDI é o colectivo máis numeroso inscrito (40,5 % do total) e supón unha garantía do paulatino e imparabile proceso de incorporación da perspectiva de xénero nos contidos do ensino superior na Universidade de Vigo e a importancia significativa para as nosas expertas e expertos da docencia con perspectiva de xénero. O seguinte grupo máis numeroso, cuns datos moi similares do 32,7 %, corresponde ao alumnado, o que amosa o interese das novas xeracións pola formación en xénero. Seguidamente, atópase o persoal investigador da nosa universidade cun 20,1% un dato moi positivo, pois resulta un indicador do proceso de incorporación da perspectiva de xénero nas actividades de investigación e transferencia de coñecementos na nosa universidade . Finalmente, o grupo máis minoritario pertence ao persoal de administración e servizos, posiblemente froito da percepción da falta de utilidade directa no seu día a día deste tipo de formación.

Neste gráfico apréciase o grande interese por ampliar a necesidade de formación e de xénero entre as persoas que realizaron este itinerario, o que garante que seguir ampliando a oferta de novos cursos pode ser moi ben acollida pola comunidade universitaria, moi interesada en seguir afondando na inclusión da perspectiva de xénero á hora de analizar e de reflexionar sobre a realidade social actual.


4. Valoración de diferentes aspectos do Itinerario.

a. Duración da actividade

	Núm.	%
1. Moi mal	0	0,00 %
2. Mal	0	0,00 %
3. Regular	15	5,2 %
4. Ben	112	39,4 %
5. Moi ben	157	55,2 %
Total	284	100 %

En relación coa estimación sobre a duración de cada un dos cursos do itinerario, de novo obtéñense excelentes apreciacións que indican que tanto a estrutura coma os contidos desta formación en xénero resultan moi adecuadas por parte do alumnado inscrito, pois as puntuacións “moi ben” e “ben” abranguen o 94,6% do total das valoracións sinaladas.

Valoración sobre a duración da actividade



b. Avaliación da utilidade da actividade

	Núm.	%
1. Mal	1	0,3 %
2. Regular	13	4,5 %
3. Ben	97	34,1 %
4. Moi ben	173	60,9 %
Total	284	100 %

Verbo da avaliación sobre a duración de cada un dos cursos do itinerario, de novo obtéñense excelentes apreciacións que indican que tanto a estrutura coma os contidos desta formación en xénero resultan moi adecuadas por parte do alumnado inscrito.


c. Grao en que cumpriu as expectativas

Unha das formas de comprobar se os cursos que conforman o ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero responde aos intereses e demandas da comunidade universitaria é comprobar se os mesmos responderon as súas expectativas iniciais. Neste caso, pódese observar que as cualificacións de «moi ben» ou «ben» son formuladas polo 96,7 % das persoas que o valoraron, o que amosa que o deseño, contidos e docentes dos mesmos alcanza con creces os desexos formativos das persoas inscritas nos mesmos .

	Núm.	%
1. Mal	0	0 %
2. Regular	6	2,1 %
3. Ben	110	38,7 %
4. Moi ben	168	59,1 %
Total	284	100 %

Neste gráfico é destacable a ampla avaliación positiva da utilidade desta formación polas persoas que están inscritas nesta cuarta edición do itinerario, con resultados moi similares á valoración obtida na primeira edición. En efecto, máis do 97,8 % cualifica cun «moi ben» ou «ben» a utilidade da formación desenvolta, o que amosa a puntuación máxima sobre os contidos do itinerario entre o seu alumnado.

Grado cumprimento das expectativas xeradas polos cursos do Itinerario



4. Valoración da estrutura de MOOC e da plataforma OpenEdX

a. Valoración da estrutura de MOOC.

	Núm.	%
1. Mal	0	0,0 %
2. Regular	5	1,7 %
3. Ben	87	30,6 %
4. Moi ben	192	67,6 %
Total	284	100 %


Un dos grandes activos do Itinerario é a estrutura elixida á hora de organizar ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero os contidos formativos e o proceso de aprendizaxe neste modelo de aprendizaxe virtual. Como se pode observar na valoración da estrutura do curso, as persoas inscritas valoran moi positivamente o modelo de formación adoptado, tanto na primeira coma nesta cuarta edición, que acadou as cualificacións de «moi ben» ou «ben» polo 98,2 % das persoas que o valoraron practicamente, o total das persoas que cursaron con éxito os mesmos.

b. Valoración da plataforma OpenEdX

	Núm.	%
1. Mal	0	0 %
2. Regular	6	2,1 %
3. Ben	103	36,2 %
4. Moi ben	175	61,6 %
Total	284	100 %

Neste gráfico que se expoñe a continuación, pódese observar a percepción moi positiva por parte das persoas inscritas nesta cuarta edición do itinerario á elección da estrutura da plataforma OpenEdX, que obtén as valoracións máximas de «moi ben» ou «ben» polo 97,8 % do total de persoas enquisadas. A estrutura foi deseñada en consonancia coa aprendizaxe masiva e consistiu no desenvolvemento de pímulas polimedia, contidos didácticos elaborados polo profesorado e avaliacións de contidos.


Valoración da Plataforma OpenEdX



5. Cualificación xeral do Itinerario


	Moi ben %	Ben %	Regular %	Mal%
1. 1.Introdución á perspectiva de xénero (4. ^a edición)				
2. Educación afectivo-sexual (4. ^a edición)	55,6	44,4	0	0
3. Economía de xénero (4. ^a edición)				
4. A sostibilidade da vida no centro (4. ^a edición)				
5. O acoso e o acoso en función do sexo. Unha xustiza invisible (4. ^a edición)	14,3	85,7	0	0
6. A perspectiva de xénero na educación (4. ^a edición)	20	80	0	0
7. Normativa básica de xénero (4. ^a edición)	0	0	0	0
8. O xénero e o sexo no século XXI (3 ^o edición)	50	50	0	0
9. La comunicación y el género (3 ^a edición)	0	0	0	0
10. Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC (1 ^a edición)	54,3	42,9	2,9	0
11. La inclusión de la perspectiva y el análisis de género/sexo en la investigación y la innovación (1 ^a edición)	59,7	33,3	3,3	0

12. Mulleres e ciencia (1ª edición)	63,3	33,3	3,3	0
13. Políticas públicas de igualdade (1ª edición)	80	13,3	6,7	0
14. Pensar o amor no século XXI (1ª edición)	77,8	22,2	0	0
15. Pornografía (1ª edición)	87,5	12,5	0	0
16. A prostitución no marco do capitalismo neoliberal (1ª edición)	71,4	12,5	0	0
17. Novas masculinidades (1ª edición)	56,3	37,5	6,3	0
Total promedio	57,5%	38,9%	1,875%	0%



En definitiva, pódese concluír de xeito determinante a ampla e positiva consideración e receptividade do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero por parte dunha ampla representación da comunidade universitaria, principalmente, entre o alumnado e o persoal investigador feminino. En efecto, o balance, tanto desde a Unidade de Igualdade coma desde a Área de Formación e Innovación Educativa, é moi positivo; por una banda, pola cantidade

de persoas inscritas, que amosa o grande interese e demanda da formación en xénero, e por outra banda, polas avaliacións das persoas que remataron os cursos, pois o 96,4 % valora o itinerario ben ou moi ben e aínda que non son todas as persoas inscritas resulta unha mostra significativa e bastante extrapolado á maioría.



Respecto á valoración obtida por cada curso, pódese observar que os cursos que obtiveron unha puntuación lixeiramente superior ao resto son os de “Pornografía”, “Pensar o amor no século XXI” e o de “Políticas publicas de igualdade” aínda que estes datos deben ser interpretados con certa cautela, pois o número de inscricións nos mesmos foi menor que no caso dos tres cursos da edición especial do 11 de febreiro, tamén moi ben valorados polas persoas inscritas aos mesmos.

Promover a perspectiva de xénero de xeito transversal e incorporar os valores igualitarios na formación académica do alumnado é un dos obxectivos perseguidos neste itinerario, tanto na primeira coma nesta cuarta edición. Nese senso, a resposta que tivo a comunidade universitaria a esta proposta formativa significa que a nosa institución está a camiñar de xeito máis firme, se cabe, pola senda da inclusión da perspectiva de xénero no coñecemento científico, o que está a incrementar a excelencia e o rigor da nosa universidade.

6. Conclusións finais e respostas abertas

En relación coas preguntas de respostas abertas deste cuestionario de valoración do itinerario, é importante subliñar as reiteradas mensaxes nas que se traslada unha valoración moi positiva respecto aos contidos e á propia estrutura do itinerario, ademais de numerosos parabéns pola aposta por ofrecer esta formación en xénero.

En xeral, resaltan a clarificación da exposición de conceptos, tanto nos vídeos coma nos textos, e a adquisición de novos coñecementos aos que xulgan como «contidos e temarios moi claros e sinxelos, de grande utilidade para a súa posterior consulta».

Respecto aos contidos de cada un dos cursos, as estimacións son en xeral excelentes e destaca algunha parte dos contidos sobre outras ou a alta capacidade pedagóxica da docente. Tamén son moitos os comentarios que amosan a súa satisfacción coa propia estrutura do itinerario: que sexa un curso en liña aberto e masivo (MOOC), que permita descargar os PDF, vídeos, test de avaliación etc.

As suxestións para mellorar a estrutura e os contidos do itinerario teñen que ver, a grandes trazos, con dúas cuestións principais: por unha banda, respecto aos contidos, nalgúns casos cuestionando a falta de afondamento nalgunha temática concreta con datos de carácter internacional e tamén máis centrados na realidade galega e, noutros casos, propondo novos cursos e novas expertas para futuras edicións. Neste senso, as persoas están a demandar o trato de temáticas como afondar máis no tema de como o marketing con estereotipos de xénero nos afecta, abordar a temática da muller na historia da arte, tratar o tema das mulleres compositoras, educación e igualdade, a muller na carreira xudicial, sexualidade feminina, mulleres na literatura etc. Máis concretamente, en relación a cada curso, destaca a suxerencia de utilizar a mesma experta do curso de pornografía, a filósofa Mónica Alario para expoñer outras temáticas, tamén a necesidade de afondar máis na figura dos “puteros” no curso sobre prostitución impartido pola socióloga Rosa Cobo ou afondar no deseño de Plan s de Igualdade para centros de investigación públicos no curso referido a Políticas Públicas de Igualdade.

Pese á abundante valoración positiva da plataforma e da estrutura dos cursos, e do itinerario en xeral, rexistráronse suxestións de carácter técnico, respecto á ampliación dos recursos didácticos, tales como fornecer o foro de debate (inactivo, na actualidade), favorecer a interacción alumnado-docente, a tradución dos cursos a diversos idiomas (galego, castelán e inglés, fundamentalmente) etc.

A presentación concisa e a extensa e, na miña opinión, axeitada bibliografía, con unha recomendación inicial de parte da mesma. Moi bo material, moi accesible, ben explicado e informativo, con boas referencias para profundizar.

Soy estudiante de trabajo social y que la Uvigo proporcione el acceso a estos cursos me benefician muchísimo en mi formación. Me enriquece absolutamente para mi futuro como profesional y para mi presente también.

Creo que me pode aportar moito para o meu TFG e para as miñas funcións no traballo

Moi bo curso!! Ben redactado, información interesante, curso adsequible, entretido e moi útil. Parebéns!! Espero que se sigan creando máis

Penso (e isto é unha apreciación persoal en función das miñas expectativas e intereses) que o curso está moi centrado nunhas poucas disciplinas científicas e por momentos (tema 3 especialmente) faise moi denso. Ao mellor podería incluírse unha visión/aproximación a outras disciplinas científica e non afondar tanto nunha en concreto (que podería ser obxecto dun curso posterior de ampliación ou especialización).

Este curso paréceme unha moi boa idea para poder ver mellor a realidade que estamos a vivir, e que moitas veces non nos damos conta de como é en realidade. Polo que este tipo de cursos serve para aprender moitas realidades que deben ser arraxadas.


En xeral, as valoracións e os comentarios recibidos son moi positivos en relación coa propia oferta formativa, a calidade dos contidos, a elección das expertas docentes e a estrutura do

itinerario, tal e como se reflicte no anterior gráfico, onde aparecen algúns dos comentarios extraídos do cuestionario.

7. Valoración global dos tres cursos da edición especial do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero do 11 febreiro.


A raíz da celebración do Día Internacional da Muller e Nena na Ciencia, este ano decidiu ofertar tres cursos específicas en relación a esta celebración co fin último de favorecer a formación en relación coa incorporación da perspectiva de xénero na investigación e transferencia, un aspecto cada vez máis demandado por parte das axencias de financiación de proxectos de investigación, tanto no ámbito europeo (Programa Horizonte Europa) como nacional.

Neste senso, estes tres cursos integrados na Cuarta Edición do ITINERARIO FORMATIVO Virtual en Xénero foron os que recibiron máis alumnado: O curso *La inclusión de la perspectiva y el análisis género /sexo en la investigación y en la innovación* contou 72 persoas matriculadas; o curso *A muller na ciencia* contou con 60 persoas matriculadas e o curso *Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+I* con 35 persoas. A distribución por sexo e por vinculación coa Universidade se expoñe nos seguintes gráficos:




Respecto ao tipo de vinculación coa universidade, a distribución resulta a seguinte, o que amosa esta gráfica é o interese, tanto do PDI como do persoal investigador con vinculación a proxectos que é o perfil maioritario na categoría “outras”, por estar formación específica en torno á

incorporación da perspectiva de xénero e das achegas das científicas ao coñecemento científico en xeral.



En relación a valoración xeral dos tres cursos, pódese observar que o balance en xeral é moi positivo, sendo o valor moi ben ou ben como os maioritarios.



Neste senso, nas próximas edicións reforzaremos esta liña formativa vinculada á incorporación da perspectiva de xénero á investigación, transferencia e na análise das TIC e da intelixencia artificial, en especial.

Vigo, 13 de maio de 2021